



## **CONCELLO DE POIO**

Praza do Mosteiro núm. 1.  
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA-URXENTE, NÚMERO CATROCENTOS NOVENTA E TRES REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA CINCO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL TRECE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dez horas do cinco de novembro de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Xulio Barreiro Lubián, Xosé L. Martínez Blanco, Margarita Caldas Moreira, Jose A. Lodeiro Cancela, Alicia Martínez González, Lidia Salgueiro Piñeiro, Silvia Diaz Iglesias, Angel Moldes Martínez, Celeste Nieto García, Juan José Rodríguez Grandal, Alberto Villaverde Méndez, Javier Domínguez Lino, Manuel Domínguez Álvarez e Consuelo Besada Lores. Escusa a non asistencia a concelleira D<sup>a</sup>. Silvia Diaz Iglesias. Asiste como secretaria xeral do Concello, Paula E. Ramos Díaz e como interventora Olga Fernández Rodríguez. Reuníronse no Salón de Sesiós en primeira convocatoria para realizar a sesión extraordinaria-urxente correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3871.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.- Toma a palabra a Secretaria da Corporación e explica que tendo en conta a data da convocatoria e na que se practicaron as notificacións, salvo omisión ou erro involuntario, nada impediría realizar a sesión como extraordinaria. Pese a elo, garantizáronse en mellor medida os dereitos dos membros corporativos e evitouse calquera incidencia provocada polas datas na que se realiza a convocatoria (ponte de novembro).

Sometida a votación a ratificación da urxencia motivada polo incremento das Taxas reguladoras para a prestación dos servizos de recollida, tratamento e eliminación de lixo e ao tratarse dun imposto de devengo periódico de acordo coa lexislación aplicable en materia tributaria, para a súa entrada en vigor a 01/01/2014 esta queda aprobada por 9 votos a favor (8 BNG e 1 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención.

3872.- PROPOSTA-MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO E PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE LIXO.- Pola secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado a proposta do presidente da Comisión de Facenda, Gobernación e Contas conformada polo Alcalde Accidental de data 31 de outubro de 2013 sobre a modificación das ordenanzas fiscais reguladoras das taxas pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e a prestación do servizo de tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e que di textualmente: "Con relación os servizos de recollida de residuos sólidos urbano e de prestación do servizo de tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos se propón a modificación das Ordenanzas Fiscais reguladoras das taxas relativas os mesmos por os motivos que a continuación se expoñen: (adxúntanse

como anexos a esta proposta as novas tarifas que se propoñen en cada un dos apartados).

**Primeiro: Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Prestación do Servizo de Recollida de Lixo: non se propón incremento nas tarifas pero sí un cambio na periodicidade das mesmas, que pasará de ser trimestral a bimestral.**

Esta modificación entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia o un de xaneiro de 2014.

**Segundo: Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Prestación do Servizo de Tratamento e eliminación de Lixo:**

Proponse un incremento nas tarifas debido a o elevado custo dos servizos que non é cuberto cos importes recadados en concepto da Taxa existente en virtude dos mesmos.

Ademais, poñer de manifesto que, o pasado 25 de outubro se recibiu escrito da Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA) no que se expoñía a intención de incrementar o cánon unitario para o ano 2014 que pasaría do prezo actual por tonelada (55,91€ mais IVE) a un prezo por tonelada de 74,64€ mais IVE, o que supón un incremento no mencionado prezo do 33,5%; este incremento suporá, segundo informe emitido pola Intervención municipal con data 29 de outubro, un incremento aproximado no gasto a sufragar por este Concello, para o vindeiro exercicio 2014, duns 150.000€ polo que se considera necesario proceder a incrementar as tarifas previstas para o servizo de tratamento e eliminación de lixo nunha porcentaxe que permita sufragar, aínda que non na súa totalidade, pero si parcialmente, o incremento do custo que a sociedade SOGAMA vai supoñer co aumento do prezo/tonelada que se nos comunica.

En virtude do exposto, **o incremento que se propón nas tarifas do servizo de tratamento e eliminación de lixo é do 15% excepto para o grupo B "Grandes superficies comerciais, superficie superior a 1000m<sup>2</sup>" onde se propón modificar a tarifa do seguinte xeito:**

Cada 100m<sup>2</sup> ou fracción ata 5.000m<sup>2</sup>: 20,70€/bimestre

Cada 100m<sup>2</sup> ou fracción adicionais que excedan de 5.000m<sup>2</sup>: 76,67€/bimestre

Esta variación se propón en virtude dos resultados obtidos do informe emitido pola empresa Lagares Oca S.L no presente exercicio 2013 relativo a excesiva produción de residuos no Concello de Poio.

Ademais **se propón que, no Grupo E "Hoteles, sanatorios e clínicas" e grupo F "Casas de hóspedes, pensións, fondas, hospederías e hostais" a cota mínima se manteña con relación a existente no exercicio 2013** (unicamente adaptando o importe a cota bimestral, xa que no anterior trimestre era trimestral).

Con relación a periodicidade das tarifas, e seguindo o ditaminado pola Comisión de Facenda, Gobernación e Contas celebrada o pasado 21 de outubro, **as tarifas se propón pasen de ser trimestrais a ser bimestrais** tal como se reflexa nos anexos a esta proposta onde se recollen as novas tarifas.

Esta modificación entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia o un de xaneiro de 2014.

O que se propón para a súa aprobación a o Pleno da Corporación."

Consta no expediente estudo sobre as causas da desproporcionada produción de RSU da empresa LAGARES OCA e informe da intervención municipal de data 31 de outubro de 2013.

Toma a palabra a Concelleiro Sr. Barreiro Lubián explicando que a proposta correspóndese co exposto no pasado pleno do martes e que foi retirado a través dunha emenda presentada, debido á comunicación de SOGAMA recibida sobre o incremento do custe da tonelada e tivemos que estudala porque ía a producir déficit.

NESTE MOMENTO ENTRA NO SALÓN DE SESIÓN O CONCELEIRO DELEGADO D. GREGORIO L. AGÍS GÓMEZ.

Non se propón un incremento nas tarifas da ordenanza fiscal da taxa do servizo de recollida de lixo senón a peridiocidade do recibo que pasará a ser bimensual.

Propomos un incremento nas tarifas do servizo de tratamento e eliminación de lixo do 15% excepto para o grupo de grandes superficies que vai por tramos así como a conxelación do grupo E hoteis, sanatorios e clínicas.

A Sra. Besada Lores explica que sendo conscientes das circunstancias das familias nesta situación de crise, o concello asume unha porcentaxe do incremento pero non podemos soportalo todo senón crearíase unha situación de déficit. Estivemos esperando unha reacción ou proposta distinta dos alcaldes ou da FEGAMP pero esta non chegou.

O Sr. Moldes Martínez di que non están a favor das subidas pero temos que ter en conta que este Concello é un dos que máis cobra por este tipo de servizo. Repito, no que xa se incidiu no pleno ordinario cando se trataron as outras ordenanzas, que estamos no momento axeitado para estudar a situación xa que temos á vista unha nova contratación do servizo e co prego podemos establecer fórmulas para minorar o custo aos veciños. Hai que tomar medidas que beneficien aos veciños iso si que é gobernar.

Non imos a caer en populismos e pedimos aos veciños que paguen os seus recibos pero nos os gobernantes temos que tomar decisións.

O Sr. Barreiro Lubián di que tampouco están de acordo coas subidas de SOGAMA así como o PP de Poio non é o mesmo que o de Galicia ou España. Nos apostamos por unha subida do 1% e non estabades de acordo e entendo que tampouco coa proposta de SOGAMA.

Con respecto ás propostas de mellora, co tempo xa veremos as súas aportacións, chegarán e dirán que se pode facer mellor, pero non dirán nada, como sempre.

Non están de acordo coas subidas de Poio, pero hai que recordar a subida xeneralizada que está a facer o PP (IBI, IVTM, PLUSVALIA...)

O Sr. Moldes Martínez di que seguirán traballando desde o respecto e no momento que nos teñamos que aportar vostedes terán que dimitir, debe estar moi enfadado o Sr. Barreiro por privatizar un servizo cunha contratación tan mala.

O Sr. Martínez Blanco do que se protestades por un incremento do 1% chamando a insumisión e logo os veciños de Poio teñen que asumir un sobrecoste dunha empresa pública que pertence á Xunta de Galicia e esta podería absorber todos os gastos.

Rematado a quenda de intervencións sométese á votación a proposta do presidente da Comisión de Facenda, Gobernación e Contas conformada polo Alcalde

Accidental de data 31 de outubro de 2013 sobre a modificación das ordenanzas fiscais reguladoras das taxas pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e a prestación do servizo de tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos esta quedou aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención, adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro**: Aprobar a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo e a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de tratamento e eliminación de lixo, nos termos da proposta que se inclúe no presente acordo.

**Segundo**: Someter o expediente á información pública polo prazo de 30 días mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, Taboleiro de Anuncios e nun Diario de maior difusión da provincia, entendéndose definitivamente aprobada se no prazo establecido non se presenta alegación ou reclamación ningunha contra o mesmo, de conformidade co establecido no artigo 17 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

**Terceiro**: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as dez horas e corenta minutos, o alcalde levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.